

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

*EXTRACTO da Orde do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento TR357B, TR357C e TR357D).*

BDNS (Ident.): 811392.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Beneficiarias*

As empresas solicitantes poderán ser pemes ou persoas traballadoras autónomas que teñan subscritos contratos con persoas traballadoras por conta allea con domicilio social e centro de traballo en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean validamente constituídas no momento de presentar a solicitude de axudas.

Para as liñas II e III tamén poderán presentar solicitude as empresas con centros de traballo en Galicia.

No caso da liña I, as empresas deberán contar como mínimo con dez persoas traballadoras e cun máximo de 49.

Para a liña II, se a solicitude é para as subliñas 1 e 3, as empresas deberán contar cun mínimo dunha persoa traballadora, e se a solicitude é para a subliña 2, as empresas deberán contar cun mínimo de cinco persoas traballadoras.

Para a liña III, as empresas deberán contar cun mínimo de cinco persoas traballadoras.

##### Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras, para o ano 2025, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas e incentivos a pemes, incluídas persoas traballadoras autónomas, para implantar sistemas de xestión de RSE (TR357B), a igualdade laboral



(TR357C), así como para adoptar medidas de corresponsabilidade e de conciliación da vida familiar, persoal e laboral (TR357D), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento TR357B, TR357C e TR357D).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase un millón catrocentos mil euros (1.400.000 €), de acordo coa seguinte distribución:

Liña I. Elaboración e implantación de plans de igualdade: douscentos mil euros (200.000,00 €).

Liña II. Conciliación: un millón cen mil euros (1.100.000 €).

Subliña 1. Incentivos para o fomento do teletraballo: cento cincuenta mil euros (150.000 €).

Subliña 2. Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria: setecentos cincuenta mil euros (750.000 €).

Subliña 3. Investimentos: douscentos mil euros (200.000 €).

Liña III. Certificacións RSE: cen mil euros (100.000 €).

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

José González Vázquez  
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

